






| Candidatura | Está a favor do peche das centrais de carbón antes do fin de 2025 ? | Observacións sobre os programas para as eleccións xerais |
|---|---|--|
|  | NON | <p>O programa “aposta por unha política decidida de fomento das enerxías renovábeis e redución do consumo de combustíbeis fósiles”, pero non defende un calendario de peche obrigatorio das centrais de carbón.</p> |
|  | NON | <p>Declara que “impulsaremos unha transformación cara a un modelo enerxético baseado en enerxías renovábeis en 2050”, pero non propón un calendario de peche obrigatorio das térmicas de carbón.</p> |
|  | NON | <p>Propón o “peche definitivo daquelas centrais térmicas de carbón que non se adapten aos límites de emisións fixados pola UE” antes do 30 de xuño de 2020, referíndose así á adaptación á Directiva de Emisións Industriais (DEI), que non afecta as emisións de CO₂ causantes de cambio climático. Esta medida é un imperativo legal e na nosa terra só implica o peche da central de Meirama, xa decidido e solicitado por Naturgy.</p> <p>Canto ás centrais que, como a das Pontes, si se adaptarán á DEI, apunta que “no medio</p> |

| | | |
|--|-------------------|--|
| | | <p>prazo” deberán pechar, pero non defende un calendario concreto de peche. Esta posición contrasta coa da candidatura irmá de ámbito estatal “Unidas Podemos”, que se compromete “con obxectivos de peche das centrais de carbón antes do final de 2025”.</p> |
| | <p>NON</p> | <p>Propón “reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro a razón dun 7% anual”, obxectivo inalcanzábel sen un abandono rápido do carbón na xeración eléctrica. Tamén avoga pola “adopción de medidas para o tránsito a fontes de produción enerxética renovable e apoio para o cambio económico das comarcas”. Porén, non defende un calendario de peche obrigatorio das térmicas de carbón.</p> |
| | <p>NON</p> | <p>Propugna “potenciar as enerxías renovábeis como substitutas ás fontes enerxéticas fósiles e nucleares para que en 2030 toda a enerxía consumida supere o 40% de enerxía renovábel”, mais non defende un calendario de peche das centrais de carbón.</p> |
| | <p>NON</p> | <p>Aposta por “aproveitar ao máximo as opcións renovábeis que xa son competitivas, mais sen renunciar a outras tecnoloxías que aínda son útiles ao noso país”, en referencia clara ás nucleares e ás térmicas de carbón”. Non está a favor dun calendario de peche obrigatorio das centrais de carbón.</p> |

| | | |
|---|---|---|
|  | <p style="text-align: center;">NON</p> | <p>Comprométese a traballar “no impulso a un <i>Green New Deal</i> que nos permita facer fronte á necesaria transición enerxética”, mantendo “o obxectivo de que en 2030 o 74% da electricidade será renovable”, recollido no borrador do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030 elaborado polo Goberno de Pedro Sánchez.</p> <p>O PNIEC non inclúe un calendario de peche obrigatorio das centrais de carbón e prevé que a central das Pontes funcione polo menos até 2025 (ver alegacións de Galiza, un futuro sen carbón á proposta de PNIEC 2021-2030).</p> |
|  | <p style="text-align: center;">NON</p> | <p>O programa non ten un apartado adicado a medio ambiente e a enerxía. No apartado sobre economía propón “un Plan da Enerxía co obxectivo de conseguir a autosuficiencia enerxética de España sobre as bases dunha enerxía barata, sostíbel, eficiente e limpa”. Non propón un calendario de peche das centrais de carbón.</p> |

Fonte: Galiza, un futuro sen carbón. Abril de 2019.